



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 25 de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de novembro (convocatoria modificada o 24 de novembro), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 3a e 4a)  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2b, 3a, 3b e 4a)  
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste aos puntos 2a, 2b, 3a, 3b, 5a, 5b, 6a, 6b e 7a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

#### 1.- Aprobación de actas

##### a) Acta da sesión do 17 de novembro de 2016

Apróbase a acta da sesión do 17 de novembro de 2016 cos votos de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

##### b) Acta da sesión do 21 de novembro de 2016

Apróbase a acta da sesión do 21 de novembro de 2016 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D. Alberto Escariz Couso (puntos 5b, 6b e 7b ), D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez (agás os puntos 5b, 6b e 7b, nos que se abstivo) e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

##### c) Acta da sesión do 23 de novembro de 2016

Non se aproba por falta de quórum.

#### 2.- Apertura administrativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440)**

Procédese á apertura do sobre A “*Documentación persoal*” deste procedemento. Logo da súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento aos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL
4. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL
5. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
6. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA
7. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
8. MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL
9. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL
10. COPCISA, SA
11. CONSTRUCCIONES OREGA SL
12. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
13. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU\*
14. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
15. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL
16. NAROM, SL

\* Faise constar que a declaración responsable presentada pola empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU indica no punto 13 que concorre en UTE con CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU. No entanto, tanto no exterior dos sobres presentados pola empresa como no encabezado e no resto dos puntos da citada declaración responsable figura como licitador unicamente NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU. Á vista desta documentación a Mesa de Contratación entende, por unanimidade, que o previsto no punto 13 da declaración responsable constitúe un erro material e acorda comunicarlle a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU que licita individualmente no procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440).

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333)**

Procédese á apertura do sobre A “*Documentación persoal*” deste procedemento. Logo da súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento aos seguintes licitadores:

1. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
2. MONDO IBERICA, SA
3. CONSTRUCCIONES ABAL, SA
4. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, SL

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**4.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440)**

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO	ASENTOS RIO BAIXO	ASENTOS RIO ALTO	POSTO COMENTARISTA	ACCESIBILIDADE RIO	REDE SEPARATIVA	INCREMENTO GARANTÍA
UTE DRAGADOS, SA E ORECO SA	5.825.083,80 €	si	non	si	si	non	8 semestres
SA DE OBRAS Y SERVICIOS (COPASA)	5.529.700,00 €	non	si	non	si	si	8 semestres
UTE VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, SA E CONSTRUCCIONES RUESMA, SA	5.975.539,72 €	si	si	si	si	si	8 semestres
UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU	6.142.938,88 €	non	si	non	si	si	8 semestres
FCC CONSTRUCCION, SA	6.381.265,97 €	si	si	si	si	si	8 semestres
UTE INDEPO SLU, AVAN INTEGRAL,SL E HIDROMIÑO, SLU	5.503.162,28 €	si	non	si	si	non	8 semestres
CIVIS GLOBAL, SL	5.645.486,11 €	si	non	si	si	non	8 semestres
COPCISA, SA	5.613.632,24 €	si	si	si	si	si	8 semestres



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

LICITADOR	PREZO	ASENTOS RIO BAIXO	ASENTOS RIO ALTO	POSTO COMENTARISTA	ACCESIBILIDADE RIO	REDE SEPARATIVA	INCREMENTO GARANTÍA
UTE CONST. OREGA SL, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL e OHL, S.A.	6.072.455,02 €	si	si	si	si	si	8 semestres
JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, SA	6.098.886,47 €	si	si	non	non	non	8 semestres
CRC OBRAS Y SERVICIOS, SL	5.862.358,04 €	non	si	si	si	si	8 semestres
UTE EXTRACO SA e PRACE, SA	5.414.379,74 €	si	si	si	si	si	8 semestres
UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU-OGMIOS PROYECTO, SL-03 SERVICIOS Y CONTRATAS, SL	5.691.840,00 €	non	si	si	si	si	8 semestres
CONSTRUCTORA SAN JOSE, SA	6.351.860,16 €	si	si	si	si	si	8 semestres

Asisten á sesión D. Nicolás García García, con DNI 07.838.430-F, en representación de DRAGADOS, SA; D. Eduardo Franco Silva, con DNI 35.317.589-P, en representación de CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, SA; D. Alberto Costas Méndez, con DNI 76.989.757-V, en representación de FCC CONSTRUCCIÓN, SA; D. José Benito Vizcaíno Rodríguez, con DNI 76.910.540, en representación de ORECO, SA; D. Yeray Pazos Díaz, con DNI 77.414.299-W, en representación de COPCISA, SA; e D<sup>a</sup>. Adoración García Navarro, con DNI 76.733.257-J, en representación de SA de OBRAS Y SERVICIOS COPASA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario entrega o seu informe de data 25 de novembro de 2016 sobre as ofertas que conteñen baixas anormais ou desproporcionadas, facilitándose copia a todos os membros presentes na sesión. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionadas, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. COPCISA, SA
2. UTE EXTRACO SA – PRACE, SA

**5.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

Entrégase o informe asinado polo subxefe do Servizo de Extinción de Incendios o 23 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre C e proposta de requirimento de documentación ás empresas ITURRI, SA (lotes 3 e 4) e SIELVIGO, SL (lote 3).

A Mesa, por unanimidade, acorda:

1. Aceptar o informe, se ben facendo constar que no cadro do resumo final (páxina 4) debería figurar tamén a empresa SIELVIGO, SL, aínda que a súa puntuación estea pendente.
2. Outorgar un prazo de tres días hábiles ás empresas que deseguido se relacionan para que presenten a seguinte documentación, á vista do informe asinado polo subxefe do Servizo de Extinción de Incendios o 23 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"*:

- ITURRI, SA:

*"Lote 3: presentación das características técnicas do vehículo de transporte que integra o xerador de corrente.*

*Lote 4: presentación de documentación que aclare e defina o sistema de purificación P10 SECURUS, por existir varios sistemas; Indicando calidade e control do aire sobre o compresor, así como a cantidade de aire de entrada sobre o mesmo".*

- SIELVIGO, SL:

*"Lote 3: presentación das características do: 63A/16A 3PH IP67 + DS con rodas transporte por estrada con lanza fixa; As características técnicas do vehículo de transporte que integra o xerador de corrente; así como a aclaración do modelo ofertado xa que aportan documentación de dous modelos distintos".*

### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)**

Entrégase o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 23 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"*. A Mesa, por unanimidade, acorda aceptar o citado informe.

### **6.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**(4335-213)**

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 5a requirir ás empresas ITURRI, SA (lotes 3 e 4) e SIELVIGO, SL (lote 3) a presentación da documentación proposta polo subxefe do Servizo de Extinción de Incendios no seu informe do 23 de novembro de 2016.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do **Servizo de vixilancia da saúde (27683-220)** na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación total
PREVISONOR, SL	100
PREMAP SEGURIDAD Y SALUD, SL	91,95
MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, SLU	85,30
NORPREVENCIÓN, SL	76,23

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVISONOR, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.709,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**7.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49533-212)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49533-212)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 29 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento negociado, do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA.

**Segundo.-** Na sesión que tivo lugar o 16 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado para a contratación do Subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212) na seguinte orde descendente:*

Licitador	Puntuación
VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL	100

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL, o día 16 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 23 novembro de 2016, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 25 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 7 de novembro de 2016, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL (VEICAR) o procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49533-212) coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do contrato é de 25.228,50 euros, sendo a cota*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

*correspondente ao IVE de 4.378,50 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

Vigo, 25 de novembro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:49	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44H-CA4C55-8AB245-VL9GAR-D2STTY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		